



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO, A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA A TRAVÉS DA DIRECCIÓN XERAL DE ENERXÍA E MINAS, A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO A TRAVÉS DA ESCOLA DE ENXEÑERÍA DE MINAS I ENERXÍA PARA A ELABORACIÓN DUNHA GUÍA DE BOAS PRÁCTICAS PARA A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte D^a. Ángeles Vázquez Mejuto, Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e Presidenta do Instituto de Estudos do Territorio, no exercicio das facultades conferidas polo artigo 12 e 13.1 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os seus estatutos, e en virtude das facultades atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e do Acordo do Consello da Xunta de 27 de marzo de 1991 (DOG de 30 de abril), de acordo co seu nomeamento polo Decreto 94/2018, do 26 de setembro, publicado no Diario Oficial de Galicia núm. 185, do 27 de setembro de 2018, en relación co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, que actúa en nome e representación da Comunidade Autónoma de Galicia.

Doutra parte, D. Francisco José Conde López, actuando na representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en virtude das facultades que, para vincularse neste acto, lle confire o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia, núm. 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (BOE núm. 69, do 20 de marzo de 2010).



E doutra parte, D. Juan de Dios Martín Aparicio, como Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, entidade domiciliada , segundo se desprende do Acta da Xunta Xeral Extraordinario para a elección de membros de Xunta Directiva, celebrada o día 21 de outubro de 2013 en Santiago de Compostela, e da Xunta Directiva para nomeamento de cargos da Cámara celebrada o día 30 de outubro de 2013 en A Coruña.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e,

EXPOÑEN

PRIMEIRO O Instituto de Estudos do Territorio (IET), organismo autónomo da Xunta de Galicia, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, en virtude do mandato recollido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e cuxos estatutos foron aprobados polo Decreto 244/2011, do 29 de decembro, e recentemente modificados polo Decreto 14/2017, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da información xeográfica e da actividade cartográfica de Galicia, exerce, entre outras, as seguintes funcións:

A realización de investigacións metodolóxicas, bases de datos e indicadores para o seguimento do desenvolvemento territorial de Galicia, co obxectivo de alcanzar a xestión dinámica das súas paisaxes; A realización de análise e diagnósticos e a formulación de propostas e alternativas para a ordenación e xestión do territorio desde unha perspectiva global de fronte ao desenvolvemento sustentable e a cohesión territorial de Galicia; O impulso da cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, a fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins de protección, xestión e ordenación anteriormente sinalados; Así como a posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

Neste convenio de colaboración queda patente a vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da protección, a xestión e a ordenación da paisaxe, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.



SEGUNDO.- Que corresponde á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, de acordo ao establecido no Decreto 175/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientadas ao desenvolvemento, a innovación, ao incremento da competitividade e a internacionalización do sector mineiro.

TERCEIRO.- Que a Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, e ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos e o establecemento e desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minería.

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é o único organismo representativo das empresas do sector mineiro en xeral, dada a finalidade e as características singulares das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4 a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

CUARTO.- A Universidade de Vigo (UVIGO) é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior.

A UVIGO réxese pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, e polos seus estatutos, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro.

No seu eido, a a escola de enxeñería de minas i enerxía desenvolve unha actividade en campos que son fundamentais para o desenvolvemento da sociedade, tal e como a coñecemos hoxe en día. Sen a primeira non existirían edificios, estradas, ferrocarrís, vehículos, etc. e a segunda é e será o gran motor do desenvolvemento da sociedade.

Estamos ante a rama da enxeñería que se ocupa da xestión dos recursos naturais. A súa formación inclúe coñecementos relativos á xeoloxía, a prospección, as plantas de tratamento, os materiais, a enerxía, o medio ambiente e unha longa lista de disciplinas ao obxecto de alcanzar unha correcta xestión de todos os recursos naturais demandados pola poboación.

QUINTO O artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia establece que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais, sociais e económicos.



O Convenio Europeo da Paisaxe asinado en Florencia o 20 de outubro de 2000, cuxo Instrumento de ratificación foi publicado no BOE núm. 31 do 5 de Febreiro de 2008 recalca que a paisaxe desempeña un papel importante de interese xeral nos campos cultural, ecolóxico, ambiental e social, e contribúe á formación das culturas locais e que é un compoñente fundamental do patrimonio natural e cultural europeo, que contribúe ao benestar dos seres humanos e á consolidación da identidade europea. Asemade recoñece que a paisaxe é un elemento importante da calidade de vida das poboacións en todas as partes: nos medios urbanos e rurais, nas zonas degradadas e de gran calidade, nos espazos de recoñecida beleza excepcional e nos máis cotiáns; e se amosan convencidos de que a paisaxe é un elemento clave do benestar individual e social e de que a súa protección, xestión e ordenación implican dereitos e responsabilidades para todos.

O Instituto de Estudos do Territorio (IET) asumiu as funcións do Observatorio galego da paisaxe no desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Esta norma, no seu artigo 5 establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e establece os instrumentos para conseguilo. Neste eido a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, dende o ano 2011, está a desenvolver unha Estratexia da Paisaxe de Galicia (EPG), cara a posta en valor, protección e recuperación, no seu caso, da paisaxe galega. Trátase dunha política transversal a todos os departamentos que se alongará durante toda a lexislatura incidindo en accións que acaden unha nova sensibilidade para construír a Galicia do futuro, a terra, o territorio e a paisaxe que queremos deixarlle ás xeracións vindeiras.

SEXTO A nova planificación da Estratexia da Paisaxe para o período 2017-2020 pretende dar continuidade a algunhas das accións iniciadas nos períodos anteriores, así como establecer novos obxectivos e novas liñas de actuacións.

Esta nova planificación 2017-2020 propón catro obxectivos xerais:

- 1) A gobernanza da paisaxe.
- (2) A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.
- (3) A formación, a mellora e potenciación dos valores paisaxísticos.
- (4) A divulgación e concienciación sobre paisaxe

Dentro do obxectivo de gobernanza da paisaxe inclúese a aprobación das Directrices de paisaxe de Galicia así como o desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da



paisaxe de Galicia. co obxectivo de desenvolver o procedemento para a revisión, actualización ou modificación do Catálogo e as Directrices de paisaxe e detallar o contido dos plans de acción da paisaxe.

Contempla tamén o inicio da aplicación dos instrumentos de xestión da paisaxe que quedan por implementar -os plans de acción da paisaxe, a promoción dos primeiros pactos pola paisaxe e a creación do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, como instrumentos que contribúan a acadar unha mellor gobernanza da paisaxe galega.

Estes instrumentos deben ser complementados, segundo esta nova estratexia, con outras ferramentas específicas para a xestión da paisaxe.

O novo horizonte da Estratexia permite propoñer novas publicacións para a Colección Paisaxe Galega, a maiores das contempladas na planificación anterior. Dentro destas novas publicacións atópase a Guía de boas prácticas para as actividades mineiras e extractivas.

SÉTIMO Que conforme ao establecido no artigo 14 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, na consideración da importancia ambiental, cultural e social que posúen as nosas paisaxes como sinal de calidade de vida, as partes asumen o interese común e coincidente na paisaxe de Galicia. Manifestan a súa vontade de colaborar no desenvolvemento de actuacións que teñen por finalidade a consecución dun fin de interese xeral, como é o da promoción da paisaxe e a súa importancia, entendendo, en consonancia co artigo 1 da Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia que a paisaxe ten unha dimensión global de interese xeral para a comunidade galega, por canto transcende aos campos ambientais, culturais e sociais.

OITAVO Os asinantes presentan polo tanto, unha sintonía cos obxectivos do convenio, así como complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, quedando acreditada a súa representatividade no ámbito obxectivo do convenio.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o Instituto de Estudos do Territorio, a Consellería e Economía, Emprego e Industria a través da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo na



elaboración dunha guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, coma unha ferramenta que axude á integración na paisaxe con criterios de calidade deste tipo de actividades, servindo así para avaliar e mellorar a calidade da paisaxe galega.

As intervencións obxecto do presente convenio están incluídas dentro da nova planificación da Estratexia da Paisaxe Galega 2017-2020, que dentro do seu plan operativo recolle a *elaboración de Guías de boas prácticas e integración paisaxística* dentro do obxectivo “A elaboración de ferramentas específicas para a xestión da paisaxe”, dando cumprimento así aos criterios obxectivos fixados nesta programación. Lembrar que estas guías ou manuais de boas prácticas configuran unha colección de carácter técnico sobre temáticas paisaxísticas concretas, seleccionadas a partir das aspiracións e inquedanzas que a cidadanía expresou nos procesos de participación pública para a elaboración do Atlas das paisaxes de Galicia, e que teñen o obxectivo de establecer nocións sobre integración paisaxística en diversos campos de actuación.

SEGUNDA.- DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS E COMPROMISOS DAS PARTES

A colaboración concrétese na elaboración conxunta dunha guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas que sirva para definir os criterios a seguir neste tipo de actividade produtiva así como para a divulgación e sensibilización da paisaxe.

As actuacións deberán levarse a cabo segundo o definido nos anexos e de modo conxunto pola Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola Cámara Oficial Mineira de Galicia, pola Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo e polo equipo técnico do Instituto de Estudos do Territorio. O Instituto de Estudos do Territorio, a Cámara Oficial Mineira de Galicia e a Dirección Xeral de Enerxía e Minas designarán cadanseu técnico que se encargará da coordinación.

1.- O Instituto de Estudos do Territorio, asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto coa Dirección Xeral de Enerxía e Minas e a Cámara Oficial Mineira de Galicia a coordinación das actuacións e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre o Instituto de Estudos do Territorio e o resto das partes.
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso.



En concreto aportarase a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía. Entre outros, aportase;

- a. Base Topográfica de Galicia ou unha simplificación se fose necesario.
- b. Modelos dixital do terreo e dixital de superficies.
- c. Ortofotografía actual (2017) e límites administrativos
- d. Sistema de información de usos do solo.

Esta información xeográfica so poderá ser empregada polas partes no desenvolvemento deste convenio.

- Compensar á Universidade de Vigo por unha parte dos gastos nos que incorra na execución deste convenio, de conformidade co previsto na cláusula cuarta e no anexo II.
- Propoñer no relativo á representación gráfica e tratamento da información, os criterios a ter en conta na súa elaboración.
- Levar a cabo a tramitación administrativa necesaria
- Así mesmo establecerá os criterios de selección da información a representar cando sexa necesario polo volume da información recollida.

2. A Dirección Xeral de Enerxía e Minas asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto co Instituto de Estudos do Territorio a coordinación das actuacións e estudos obxecto deste convenio, a cuxo efecto designará un/a técnico/a, que será o interlocutor entre a Consellería e o resto das partes.
- Autorizar expresamente, mediante este convenio, á Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto xestora do Catastro Mineiro de Galicia, a facilitar ás partes neste convenio a información do Catastro Mineiro de Galicia que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio.

3. A Cámara Oficial Mineira de Galicia asume os seguintes compromisos:

- Exercer apoio e asesoramento ou asistencia técnica ás partes no desenvolvemento das actuacións e estudos obxecto deste convenio
- Subministrar e facilitar, aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, así coma o apoio e asesoramento técnico preciso. En concreto aportarase a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía. Entre outros, aportase ;
 - a. Catastro Mineiro.



b. Información de interese xeolóxico e mineira.

Esta información xeográfica so poderá ser empregada polas partes no desenvolvemento deste convenio.

4. A Universidade de Vigo asume os seguintes compromisos:

- Cumprir cos obxectivos, executar as accións e realizar as actividades contempladas no Anexo I para a elaboración da guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas. En concreto:
 - Recompilación informativa e estudo das actividades afectadas
 - Redacción da documentación escrita,
 - Xeración da documentación fotográfica xeorreferenciada,
 - Xeración da Cartografía necesaria,
 - Contido da guía de de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas.
 - Presentar un programa detallado do seu desenvolvemento
 - Asistir ás reunións de información sobre aspectos xerais ou particulares, coa periodicidade que se estime necesaria para o bo seguimento dos mesmos.
 - Colaborar no desenvolvemento do convenio aportando 5.000 euros para sufragar os custos de maquetación e impresión do traballo final.

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O custo total das actividades previstas no convenio ascende a un total de 57.900,00 €, dentro dos que se atopan os 7.900€ nos que se valoran os traballos a realizar polas partes convenientes, de conformidade co previsto no anexo II, así como 50.000,00 € IVE incluído, que será sufragado coas seguintes achegas:

O Instituto de Estudos do Territorio co fin de facilitar a execución conxunta das accións compensará á Universidade de Vigo, ata un máximo de 45.000 €, IVE incluído (corenta e cinco mil euros IVE incluído) por unha parte dos gastos nos que incorra.

Estes gastos financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 07 81 541E 640 1 (código de proxecto 2014 00003).

No ano 2018.....20.000 €, IVE incluído

No ano 2019.....25.000 €, IVE incluído



Estas cantidades faranse efectivas, logo da correspondente xustificación segundo se establece na cláusula seguinte, e previa presentación por parte da Universidade de Vigo das facturas correspondentes e tras ser validadas polos servizos técnicos do Instituto de Estudos do Territorio.

O Instituto de Estudos do Territorio levará a cabo actuacións para aportar a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía:

- a. Base Topográfica de Galicia ou unha simplificación se fose necesario.
- b. Modelos dixital do terreo e dixital de superficies.
- c. Ortofotografía actual (2017) e límites administrativos
- d. Sistema de información de usos do solo.

Estas actuacións son equivalentes a 2.900,00 € correspondendo con 50h de traballo dun persoal laboral do grupo I e 100h de traballo dun laboral do grupo III.

A Universidade de Vigo colaborará coa cantidade restante de 5.000 euros coa que se sufragarán os custos de maquetación e impresión do traballo final.

Igualmente aportará ao remate do convenio, no exercicio 2019, os anexos fotográficos, cartografía, información xeográfica e montaxes, equivalente á cantidade de 4.000 €.

Por outra parte, a Cámara Oficial Mineira de Galicia levará a cabo actuacións para aportar a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía.

- a. Catastro Mineiro.
- b. Información de interese xeolóxico e mineira.

Estas actuacións son equivalentes a 1.000,00 €.

CUARTA.- ORZAMENTO E PAGAMENTO

O orzamento deste convenio está desglosado no Anexo II

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>.

Para a compensación, por parte do Instituto de Estudos do Territorio, de parte dos gastos nos que incorra a Universidade de Vigo, esta presentará electronicamente a documentación que se relaciona, e estarase ao seguinte:



O aboamento do importe previsto xustificárase mediante presentación de:

- Xustificantes de gasto polas accións realizadas (contratos, facturas, nóminas etc)
- Informe detallado de todas as actuacións e dos gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio.
- Certificado asinado pola persoa responsable onde se exprese que por parte da Universidade de Vigo se realizaron a totalidade das actividades, obxecto do convenio, e que se cumpriron todas as súas obrigas.
- Documentos en formato electrónico.
- Traballo desenvolto en formato editable Libre Office ou similar e imaxes en formato jpg, .jpeg, .tiff, .png, .bmp.

Os ditos pagamentos financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún. No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a contribución económica do IET diminuírase proporcionalmente, tendo coma data límite de xustificación o 30 de novembro de 2018 para a anualidade correspondente ao exercicio 2018, e o 30 de novembro de 2019 para a anualidade correspondente ao exercicio 2019.

Se da liquidación resultase que o importe das actuacións executadas por algunha das partes fose inferior aos fondos que a mesma recibise do resto de partes do convenio para financiar a devandita execución, aquela deberá reintegrar a estas o exceso que corresponda a cada unha, no prazo máximo dun mes desde que se aprobou a liquidación, de conformidade co previsto no artigo 52 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Establécese igualmente a obriga de facilitar a información que sexa requirida polo IET en relación coa xustificación do Convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das cantidades.

QUINTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL

A propiedade intelectual dos traballos resultantes será compartida polas partes asinantes deste convenio, salvo renuncia expresa dalgunha das partes, os cales se comprometen a empregala dentro dos fins que lle son propios.



SEXTA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia ata o 31/12/2019, salvo a prórroga por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida, sen que en ningún caso poda exceder dos catro anos.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, creárase unha comisión mixta de seguimento. A dita comisión actuará como mecanismo conxunto de plena efectividade e reunirse a petición dunha das partes. En caso de discrepancia, e en última instancia, resolverán os órganos xurisdiccionais competentes.

Composición:

A comisión estará composta por un membro de cada unha das entidades asinantes, actuando como presidente a persoa representante do IET.

Funcións:

Esta comisión mixta desenvolverá os obxectivos que xustifican o asinamento deste convenio, cumprindo de modo específico as seguintes funcións:

- a) Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre as partes.
- b) Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobados polos órganos competentes.
- c) Seguimento das actividades contempladas no presente convenio
- d) Liquidación do convenio se fose o caso.

Operatividade:

A comisión mixta de seguimento reunirse con motivo do seguimento do traballo na periodicidade que se estime necesario convocar.



NOVENA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo. A denuncia por unha das partes do presente Convenio deberá comunicarse por escrito á outra parte con tres meses de antelación á data na que se vaia a dar por finalizado.

Son causas de resolución do presente convenio:

- a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.
- b) Si se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.
- c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.
- d) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga deste.
- e) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

DÉCIMA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia [Notific@](mailto:Notific@xunta.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

UNDÉCIMA - PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal (en adiante LOPD), do Real Decreto



1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DUODÉCIMA.- XURISDICIÓN E NORMATIVA APLICABLE

O presente convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, polo que queda fora do seu ámbito de aplicación. Non obstante, de conformidade co disposto expresamente no artigo 4, seranlle de aplicación os principios da norma anteriormente referenciada para a resolución das dúbidas e lagoas que puideran presentarse para o seu efectivo cumprimento. Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e de xeito supletorio, polas normas xerais do dereito administrativo.

Para todo o non previsto neste convenio estarase ao previsto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº82, do 30 de abril), e demais normativa de aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓNS LABORAIS

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre as partes, de tal modo que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia do presente Convenio.

En proba de conformidade asinan o presente convenio en cinco exemplares, no lugar e data ao comezo citado.

D^a. Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta do Instituto de Estudos do
Territorio

D. Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria

D. Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

D. Juan de Dios Martín Aparicio
Presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia

(Faise constar expresamente que este convenio foi asinado, pese a non constar as rúbricas das persoas asinantes nesta copia)



ANEXO I. ACCIÓNS E CONTIDO

As accións necesarias para elaboración da guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas, serán as seguintes:

1. Recompilación informativa e estudos (Uvigo e Cámara Mineira).

Recompilación bibliográfica, cartográfica e documental, incluído as webs de interese, e os traballos de campo necesarios

2. Documentación escrita (Uvigo).

A Guía se elaborará en formato A-4 ou dobrada para A-4, encadernada e con todas as páxinas numeradas. Se elaborará a maqueta final para edición, xunto coas imaxes na resolución óptima para a súa posterior edición. Todos os documentos integrantes da Guía redactaranse en idioma galego. E unha copia en castelá para a súa difusión.

A totalidade da documentación farase en soporte dixital, para o que previamente se establecerán os tipo de ficheiros compatibles cos dispoñibles no Instituto de Estudos do Territorio. En todo caso, na súa última versión o conxunto do documento final será en formato de texto editable, perfectamente ordenado, de forma que se posibilite a súa publicación directamente na web. A cartografía, ademais dos formatos impostos por cada programa informático, deberán ser tamén en "shape file", así como todos os seus meta datos para favorecer o seu rápido tratamento na citada páxina web.

Igualmente, todos os textos faranse en soporte magnético nun formato que permita a súa copia, modificación ou eliminación, indicando o nome do formato e a súa versión. Se con eles se introducen follas de cálculo, debuxos ou figuras, as mesmas deben estar deseñadas en formato que permita a súa copia, modificación ou eliminación.

3. Documentación fotográfica xeorreferenciada (Uvigo). As fotografías realizadas ao longo do traballo de campo deberanse presentar en soporte dixital en formato JPEG con resolución non inferior a 300 pp. asociadas a unha ficha en formato base de datos na que constarán os datos identificativos dos peches, descrición e aquelas outras observacións que se consideren relevantes.

As imaxes deberán recoller, cando menos: vistas panorámicas xerais idóneas para a análise e diagnose paisaxística e outras de detalle.

4. Cartografía (IET e Uvigo). Toda a cartografía que se estime necesaria será xerada, coa colaboración dos equipos técnicos do Instituto de Estudos do Territorio e entregarse integrada nun proxecto SIX. Como mínimo, os datos serán en formato "ESRI Shapefile", debidamente estruturado, compatible e integrable nos sistemas da Xunta de Galicia. O sistema de referencia empregado será o ETRS89 e a proxección cartográfica UTM no fuso 29. A toma de datos utilizados na cartografía basearanse exclusivamente en vértices REXENTE da Rede Xeodésica Nacional ou na Rede VRS de Galicia (GALNET).



A precisión dos puntos na cartografía variará en función das necesidades do obxecto a representar, non sendo o erro nunca superior a 5m. No que se refire aos puntos tomados con GPS a precisión deberá estar entre 1 e 3m.

5. Contido da guía de boas prácticas para a integración paisaxística das actividades extractivas.

O contido mínimo que deberá abordar esta guía será:

A guía referirase ás medidas de integración paisaxística en explotacións mineiras e extractivas, distinguindo entre as fases ou obxectos principais do proceso:

1. Medidas de integración durante as labores previas e o proceso de investigación
2. Medidas de integración durante o proceso de explotación:
 - 2.1. Emprazamentos
 - 2.2. Zonas de extracción
 - 2.3. Método de explotación
3. Localización e medidas de integración das instalacións e dos establecementos de beneficio
4. Medidas de integración das instalacións e residuos mineiros
5. Deseño de plan de restauración tras a finalización da explotación.

Estudaranse, convenientemente clasificados e agrupados, os diferentes tipos de recursos (rochas ornamentais, minerais, recursos enerxéticos, gravas e arenas, auga, etc.), cuxa explotación dea lugar a uns procesos característicos, diferenciáveis e susceptibles de medidas específicas de integración paisaxística.

A guía debe ofrecer, para cada un dos grupos ou tipos básicos de recurso/tipo de explotación, unha recompilación de solucións xa empregadas en explotacións mineiras e extractivas, tanto a nivel autonómico, como nacional e internacional. Se referenciarán e documentarán aquelas solucións que teñan acadado mellores resultados no que se refire á integración paisaxística, ben sexa no conxunto do proceso, ben en algunhas das súas fases.

Cada unha das experiencias seleccionadas será documentada, mediante unha ficha, na que se especificará:

- A localización da explotación.
- Datos básicos da explotación: recurso, data de inicio/remate, superficie afectada, volume de extracción, etc.
- Descrición escrita e gráfica (gráficos, planos, fotografías) das medidas de integración paisaxística que se adoptaron.

Como resultado desa compilación de experiencias, a guía deberá detallar unha serie de solucións que se consideren máis interesantes para a súa aplicación en Galicia, ben sexa pola similitude do recurso mineiro, pola semellanza territorial, ou pola idoneidade desde o punto de vista da viabilidade e adecuación á realidade galega.

Estas solucións propostas se presentarán en formato de ficha, que terá, como mínimo, os seguintes contidos:

- Tipo/grupo de explotación/recurso ao que se aplicaría.



- Fase/s do proceso á que se refire.
- Tipo de medida: preventiva, correctora, compensatoria.
- Descrición escrita das medidas de integración paisaxística.
- Gráficos/planos/fotografías que amosen e aclaren o alcance e a execución das medidas.

Ademais das anteditas fichas específicas, a guía conterá unha relación de medidas de carácter xeral, relativas a aspectos comúns a todo tipo de explotación e de recurso, como poden ser os criterios para o acondicionamento de viario de servizo, a elección de especies vexetais, o deseño das instalacións e establecementos de beneficio, etc.

Tanto a selección dos exemplos, como a proposta de solucións para a súa aplicación en Galicia, terá en conta os obxectivos que derivan da lexislación galega sobre medio ambiente e protección da paisaxe, así como os criterios e orientacións das Directrices de Paisaxe de Galicia que está elaborando a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.



ANEXO II. ACCIÓNS E ORZAMENTO

Accións Ano 2018	Orzamento €	Valoración dos Traballo
Selección da localización. Labores previas de investigación.	10.000,00 (IET)	
Selección das zonas de extracción. Elección do método de explotación. Análise da súa relación coa paisaxe.	10.000,00 (IET)	
Aportar a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía:		
a. Base Topográfica de Galicia ou unha simplificación se fose necesario.		2.900,00 (IET)
b. Modelos dixital do terreo e dixital de superficies.		
c. Ortofotografía actual (2017?) e límites administrativos		
d. Sistema de información de usos do solo.		
Aportar a información xeográfica de referencia de base que será empregada para a elaboración da guía.		1.000,00
a. Catastro Mineiro.		(Cámara Oficial
b. Información de interese xeolóxico e mineira.		Mineira de Galicia)
Total ano 2018	20.000,00	
Accións Ano 2019	Orzamento €	Valoración dos Traballo
Cartografía de tipoloxías de explotacións mineiras		2.000,00 (Uvigo)
Determinación das instalacións e dos establecementos de beneficio necesarios para a explotación. Deseño do proceso de explotación.	13.000,00 (IET)	
Medidas de integración durante o proceso de explotación. Deseño do plan de restauración tras a finalización da explotación.	12.000,00 (IET)	
Anexos fotográficos, cartografía, información xeográfica e montaxes		2.000,00 (Uvigo)
Maquetación e impresión dos traballo final	5.000,00 (Uvigo)	
Total ano 2019	30.000,00	
TOTAL CONVENIO	50.000,00 €	7.900,00 €
	IVE incluído	